

**XOVES 30 DE ABRIL DE 2020**

## **ACTIVIDADE 1:**

### **EDUCACIÓN RESPONSABLE.**

Repasamos as emoción coas caras que elaboramos hai unhas xornadas. Indagamos sobre como se sinte nese momento.

### **RECEITAS SOBRE O ABURRIMENTO**

**1ª FASE:** nesta ocasión, falaremos sobre o aburrimiento. Indagaremos sobre o que coñecen sobre estar aburridos para logo, preguntarlles en que ocasión se sentiron aburridos: porque se produciu o aburrimiento, con quen estaban, que fixeron, se pediron axuda,...

*“Imos ver o que lle pasou a Caillou un día que estaba moi aburrido...”*

<https://vimeo.com/146993679>

**2ª FASE:** proxectamos a secuencia e paramos no momento en que a avoa se achega a el. O obxectivo é que recoñezan os estados de aburrimiento, os sentimentos que orixina e a necesidade de exprésalo para poñerlle remedio, en ocasións, coa axuda doutras persoas. Para iso lanzamos as seguintes preguntas:

- que pensades que lle pasa a Caillou?
- en que se lle nota? (importante que se fixen na boca, os ollos, os xestos, o ton de voz, a conduta,...)
- gústavos como se está comportando?
- que ideas lle daríades a Caillou para que non se aburra?

Terminamos a secuencia ata o final.

- que vos pareceron as ideas da avoa? Gústavos a tarta? E pintar cos dedos? E falar coa vosa familia? E probar cousas novas?
- cando a avoa lle propuxo algunhas ideas a Caillou, ao principio que seguía moi enfadado, dicíalle a todo que non. A vós tamén vos pasa?
- se non lle fixese caso á avoa, acabaría divertíndose ou seguiría enfadado?



**XOVES 30 DE ABRIL DE 2020**

## **EDUCACIÓN RESPONSABLE.**

**3ª FASE:** Crearemos unha listas de “Recetas contra o aburrimiento”. Algunhas opcións poden ser:

- Pintar, colorear.
- Inventar unha historia.
- Xogos de cartas.
- Xogos de mesa.
- Crear un circuítu para os coches.
- Puzles.
- Falar sobre o que nos gustaría facer.

*O aburrimiento debe verse como unha oportunidade: aínda que pode provocar un desexo de entretenemento pasivo; tamén, pode servirle de inspiración a unha persoa, animándoa a buscar novos retos nunha actividade creativa. “O aburrimiento ponnos en contacto co noso propio eu”*



XOVES 30 DE ABRIL DE 2020

## OBRAS DE ARTE EFÍMERAS

Con varios elementos que atopedes pola casa como pratos de papel, botóns, paos, plastilina,... elaborade caras coa expresión de diferentes emocións. Imaxinación ao poder!!!

